

## CONVENIO DE BASES ENTRE A AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA (AGACAL) E A FUNDACIÓN MONTE DO GOZO PARA MELLORAR A CAPACITACIÓN E REINSERCIÓN DOS MOZOS E MOZAS CON PROBLEMAS DE DROGADICCIÓN NA ACTIVIDADE AGRARIA (ART. 26 LEI 9/2007, DE 13 DE XUÑO, DE SUBVENCÍONS DE GALICIA)

En Santiago de Compostela, a 8 de maio de 2023

### REUNIDOS

D. José Luis Cabarcos Corral, director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL), actuando en nome e representación da AGACAL, con NIF Q1500322A e enderezo institucional en Pazo de Quián, s/n, Sergude, 15881-Boqueixón, por delegación de D. José González Vázquez, presidente da mesma conforme ao previsto no artigo 13 do Decreto 52/2018, de 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos, e

D. Ramón Gómez Crespo, actuando en nome e representación da Fundación Monte do Gozo, con NIF G15258213 e enderezo na Praza da Inmaculada, 5, 15704-Santiago de Compostela, na súa condición de director-xerente, acreditado na escritura de apoderamento do 28/11/2002, outorgada ante o notario don Enrique Roger Amat, co número 4.934 do seu protocolo.

### EXPOÑEN

**Primeiro:** A AGACAL é unha axencia pública autonómica, creada polo Decreto 52/2018, do 5 de abril, que se encadra dentro das entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA). En tanto que tal, está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica propia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía de xestión, nos termos establecidos na LOFAXGA. A norma de creación atribúelle, entre outras, a competencia para desenvolver as actividades de I+D+I e de formación nos sectores agrario, gandeiro e forestal. En particular, a Axencia ten a función de programar a formación agraria, nos seus aspectos de ensinanzas regradas e non regradas, tanto das persoas agricultoras, gandeiras e silvicultoras como das súas asociacións e agrupacións, así como daquelas persoas que queiran acceder no futuro á titularidade ou xerencia de calquera explotación agraria ou forestal; e de coordinar e facer o seguimento dos cursos de formación realizados no ámbito agrario.

**Segundo:** A Fundación Monte do Gozo ten como obxectivo básico a atención gratuíta á mocidade marxinada. Nace e se mantén como un servizo desinteresado e solidario ós toxicómanos, as súas familias e á sociedade en xeral. Nesta liña, a Fundación Monte do Gozo está interesada en formar aos mozos e mozas beneficiarios en materias vinculadas á actividade agraria e silvicultura, en especial, naquelas que, a súa potencialidade supoña unha alternativa con proxección cara ao emprego rural.

O proxecto educativo-terapéutico lévase a cabo na Comunidade Terapéutica de Proxecto Home Galicia na que os usuarios permanecen en réxime de internado. Ten unha duración aproximada de 11 meses. Durante a súa estadía os usuarios non poden desenvolver ningunha actividade de tipo laboral xa que é incompatible co seu tratamento.

**Terceiro:** O orzamento da Axencia para 2023 dispón dunha partida nominativa en capítulo IV destinada á Fundación Monte do Gozo.

**Quinto:** A AGACAL estima de interese público e humanitario a actividade da Fundación Monte do Gozo para ofrecer alternativas laborais e vitais, no ámbito agroalimentario, a persoas con dificultades asociadas á drogadicción. Así mesmo, esta actividade é coherente coas competencias estatutarias da Axencia, que persigue a incorporación de novos activos na actividade agroalimentaria galega.

Por tanto, en aplicación do artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, AGACAL e a Fundación Monte do Gozo acordan asinar o presente convenio de bases reguladoras de axuda directa, coas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **Primeira. Réxime xurídico**

O presente convenio formúlase como base reguladora dunha axuda directa concedida pola AGACAL á Fundación Monte do Gozo. En todo canto non se dispoña nas seguintes cláusulas se estará ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei.

### **Segunda. Obxecto do axuda**

A axuda outorgada pola AGACAL ten por obxecto contribuír a financiar os gastos de funcionamento da Fundación Monte do Gozo no Programa educativo terapéutico desenvolvido na Comunidade Terapéutica de Cernadas, para formar aos mozos e mozas beneficiarios en materias vinculadas á actividade agraria e silvicultura, en especial, naquelas na que, a súa potencialidade supoña unha alternativa con proxección cara ao emprego rural.

#### **Terceira.** Actividades subvencionables

Formación das persoas a tratamento na Comunidade Terapéutica en materias como a iniciación á horticultura, fruticultura, cultivos intensivos baixo abrigo, instalacións para cultivo de horta e técnicas de rego, fertilización en invernadoiros e compostaxe. A formación deberá incluír contidos teóricos e prácticos e será compatible coas esixencias propias do proxecto terapéutico, polo que se desenvolverá ao longo do ano 2023. Considéranse subvencionables as actividades formativas realizadas desde o 01/01/2023 ata o 31/10/2023.

#### **Cuarta.** Contía e financiamento

A liña de formación subvenciónase cun máximo de 27.766 €, para cobertura de gastos de funcionamento, dispoñibles na aplicación 14A2 422M 4811 proxecto contable 2011 00736.

#### **Quinta.** Intensidade da axuda e compatibilidade

A axuda concedida poderá cubrir ata o 100 % do seu custe respectivo co límite da previsión orzamentaria. A axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, sen que en ningún caso o importe conxunto percibido supere o custe da actividade subvencionada.

#### **Sexta.** Gastos subvencionables

- 1) Son subvencionables os gastos cuxa natureza respondan indubidablemente á actividade subvencionada. En concreto:
  - a) os gastos salariais e de seguridade social do persoal docente e auxiliar, os medios materiais funxibles de carácter agrícola precisos para a formación (sementes, fertilizantes, plásticos, guías titores, tratamentos fitosanitarios, roupa de faena, ferramenta de uso frecuente, combustibles de uso agrícola, gastos de mantemento e reparación da maquinaria e ferramenta empregada)

e os funxibles de uso non agrícola asociados á actividade (papelería e material de estudo), en todos os casos incorridos desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de outubro de 2023;

- b) O IVE será subvencionable so cando non sexa susceptible de compensación ou recuperación.
- 2) Considéranse subvencionables os gastos efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación.

#### **Sétima.** Prazo de xustificación e modos de pago

1. O prazo de xustificación das axudas remata o 15/11/2023. A xustificación presentárase telematicamente perante a AGACAL a través da Sede electrónica da Xunta de Galicia, procedemento PR004A, no enlace <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>
2. O pago realizarase trala comprobación da xustificación recibida. Non se prevé a realización de pagos anticipados.
3. O pagamento realizarase logo de verificación do cumprimento da obriga de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, nos termos previstos nos artigos 10º e 11º do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **Oitava.** Xustificación

A Fundación Monte do Gozo xustificará a axuda mediante conta xustificativa que, en todo caso, incorporará os seguintes elementos:

- 1) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas, con indicación expresa dos seguintes elementos:
  - Programa formativo aplicado, con índice de materias e relación de actividades docentes executadas
  - Calendario de execución das actividades
  - Relación de alumnos participantes, identificados coas iniciais e as tres últimas cifras do DNI.

- Relación de docentes e auxiliares da docencia, con especificación das actividades realizadas
- Resultados obtidos
- Reportaxe fotográfico das sesións docentes
- Datos relativos á inserción laboral das persoas participantes dos que se dispoñan nese momento.

2) Memoria económica xustificativa do custe, que conterá:

- a) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, do seu importe, data de emisión da factura e de pago.
- b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente.
- c) Documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios. En concreto, nóminas e TC do persoal propio asignado á execución dos proxectos.
- d) Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen as actividades subvencionadas.

3) Autorización expresa para comprobación da ausencia de débedas coa Administración Tributaria e a Seguridade Social ou, no seu defecto, certificados expedidos a tal fin polas administracións competentes.

4) Datos para proceder ao pago da axuda que corresponda.

**Novena.** Obriga de colaboración

A Fundación Monte do Gozo obrígase a prestar colaboración coa Intervención Xeral no exercicio das súas funcións de control e facilitar canta documentación se requira, nos termos previstos no artigo 45 da Lei 9/2007.

**Décima.** Reintegro das axudas

A Fundación Monte do Gozo obrígase ao reintegro das axudas recibidas no caso de concorrencia de calquera das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007 apreciadas polos órganos de auditoría da Intervención Xeral no exercicio das súas funcións de control.

**Undécima.** Réxime de publicidade

A Fundación Monte do Gozo dará adecuada publicidade ao carácter público do financiamento das actividades.

**Duodécima.** Declaración responsable

Consonte ao previsto no artigo 10.7 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, o beneficiario declara responsablemente que reúne as condicións para ser beneficiario da axuda no momento da sinatura deste convenio e que comunicará á Axencia calquera modificación desta condición que eventualmente se produza durante a súa vixencia.

José Luis Cabarcos Corral  
Director da AGACAL

Ramón Gómez Crespo  
Director-Xerente da Fundación Monte  
do Gozo